

1. Programas de edición de vídeo

Os editores de vídeo son programas informáticos que nos permiten **cear montaxes de vídeo** a partir de gravacións de vídeo, fotografías, sons, música, etc.

Estes programas serven para crear unha película final editando os distintos planos e secuencias, textos, diferentes efectos e transicións entre secuencias.

Existen numerosos softwares de edición de vídeo, tanto de nivel profesional como para usuarios máis comúns. Moitos son de pago ou con versións de proba pero existen tamén propostas totalmente de balde e que nos poden axudar a crear os nosos vídeos dun xeito simple.



Adobe Premier



Final cut



Movie Maker



Movavi



Open shot

Antes de instalar un editor de vídeo **teremos en conta o noso sistema operativo** xa que non todos os programas teñen unha versión para cada sistema.

Como veremos, as características desta variedade de programas son moi similares, tendo normalmente catro partes diferenciadas na súa interface:

O menú de opcións.

Ventá de arquivos.

Ventá de vista previa.

Barra de ferramentas.


Liña temporal.




Hoxe en día, os editores de vídeo non están restrinxidos aos ordenadores. Nos **móviles** ou **táblets** tamén temos unha ampla variedade de propostas.



Filmora



KineMaster



InShot



imovie

2. Edición de vídeo con Openshot

A **maqueta Abalar**, no seu apartado de son e vídeo, conta con ferramentas de vídeo como **Shotcut**, **Kdenlive**, **OBS**, **Vocoscreen** ou **Openshot**. Aínda que hai diferencias entre as funcións e posibilidades destes softwares.

Imos ver como editar vídeos no programa **OpenShot Video Editor**. Este programa de balde conta cunha versión para Windows que se pode descargar na súa [web oficial](#).

Vídeo tutorial explicativo.

Pasos:

Crear un proxecto.

Formatos de arquivo compatibles: conversor de arquivos.

Importar arquivos: vídeo, imaxes, sons.

Arrastrar a liña temporal.

Opcións da liña temporal: zoom, barra de desprazamento no tempo.

Dividir vídeos (clips): **Ctrl + J K L**

Imaxes: carrusel de imaxes, modificar tamaño, transicións, varias imaxes á vez, PNG.

Opcións de pista: engadir/eliminar, renomear.

Audio: audio de vídeo/pista sonora, desvincular, modificar volume, fundidos.

Transicións: tipos, modificar a duración, inverter.

Efectos.

Animacións.

Superposición de vídeos: efecto Chroma/pantalla verde.

Títulos/Textos.

Gardar/Exportar

Consellos:

A edición de vídeo require dun **equipo con certa potencia**, sobre todo se traballamos vídeos longos ou con moitas partes. Aínda que os ordenadores que normalmente aporta a Xunta sexan equipos portátiles, é recomendable contar no centro cun ordenador de sobremesa equipado cunha boa tarxeta de vídeo, e especificacións para editar vídeo ademais de empregar unha pantalla que non sexa moi pequena para facelo con máis comodidade.

Antes de comezar a editar faremos unha **selección dos arquivos válidos** e apartaremos do cartafol as tomas falsas.

Ter nomeados os arquivos de vídeo, audio ou imaxes cos que imos traballar axudaranos a organizarnos mellor e facilitaranos atopar os arquivos necesarios en cada momento. Un xeito útil é numeralos pola orde de secuencias, unha palabra que defina a acción e unha frase ou palabra clave que se diga no son. Exemplo:

01_Secuencia 01_pasos_para empezar.avi ---> Arquivo de vídeo
01_Secuencia 01_pasos_para empezar.mp3 --> Arquivo de audio

As **extensiones dos arquivos máis comúns** son:

Vídeo: avi, mp4, mov, wmv, avchd, flv, mkv, swf

Audio: mp3, wav, aiff, flac, wma

Imaxe: jpeg, gif, tif, png, bmp, webp